

ANEXO I: SITUACIÓN ACTUAL E REPORTAXE FOTOGRÁFICA

1. SITUACIÓN ACTUAL

Na actualidade, a estrada E.P. 6509 ESCUADRO - SILLEDA sofre unha redución de sección a partir do P.K. 4+640, atopándonos os últimos 550 metros da estrada cun ancho de firme reducido, así como un deterioro importante do firme existente, inexistencia de sinalización horizontal, falta de elementos para mellorar a drenaxe superficial da vía, etc.

A maiores, debido aos temporais de choiva acaecidos nos pasados meses, existe un desprendemento de terreo na marxe esquerda do P.K. 4+730, zona onde existe unha obra de drenaxe transversal de diámetro 600 mm que permite canalizar e cruzar un regato da parte dereita á esquerda da vía.

Estes desprendementos de terra producíronse sen chegar a deteriorar o firme existente, pero deixando a situación moi perigosa ante posibles desprendementos de terreo futuros.

Debido ó mencionado anteriormente , a Deputación de Pontevedra vese na obriga de realizar unha actuación para mellorar a seguridade vial desde o P.K. 4+640 ata o final (P.K. 5+200) da estrada E.P. 6509 ESCUADRO – SILLEDA.

2. REPORTAXE FOTOGRÁFICA

Nestas fotografías móstrase de maneira xeral a situación da intervención, incluíndo detalles como o desprendemento de terras existente ou o estado do firme actual.







